



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de AGOSTO de 2026**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(725).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de agosto de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(726).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA PARA O SOSTEMENTO DO SEU COMEDOR SOCIAL E SERVIZO DE REPARTO DE ALIMENTOS (2026-2029). EXPTE. 297939/301.**

Visto o informe xurídico de data 16/07/2026 e o informe de fiscalización do 12/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/07/2026, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social e polo xefe da Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## I. INFORME

I.1. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.2. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside precisamente a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.3. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política Social do Concello de Vigo ten intención de seguir a traballar conxuntamente coa “Asociación La Sal de la Tierra”; entidade sen ánimo de lucro que presta un servizo inestimable no tocante á atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social que ten en funcionamento na rúa Manuel de Castro e o servizo de reparto de alimentos.

Estímase conveniente estender a colaboración iniciada entre as partes en 2020 para o período 2026 – 2029, dando así continuidade ó convenio formalizado para os exercicios de 2022 – 2025.

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 - “*Convenio Comedor La Sal de la Tierra*” (10.000€). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”: *Convenio comedor La Sal de la Tierra*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.5. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).





## Concello de Vigo

I.7. Artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne, de ser o caso, nos correspondentes orzamentos municipais, ó cumprimento dos obxectivos e ás previsións do PES.

### II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA” PARA O SOSTEMENTO DO SEU COMEDOR SOCIAL E SERVIZO DE REPARTO DE ALIMENTOS (2026-2029)» (CIF G-03542362); recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 40.000€, a razón de 10.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación La Sal de la Tierra” (CIF G-03542362), con cargo no exercicio de 2026 á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 - “Convenio Comedor la Sal de La Tierra”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.6. Axudas de emerxencia”: Convenio comedor La Sal de la Tierra) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA” PARA O SOSTEMENTO DO SEU COMEDOR SOCIAL E SERVIZO DE REPARTO DE ALIMENTOS (2026 – 2029)».

En Vigo, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. Jose Luis Moracho Cupido, con DNI n.º 51.597.432-Z, Secretario da «Asociación La Sal de La Tierra» a nivel nacional e director da sede en Vigo, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Manuel de Castro n.º 9, baixo (CP 36210).

INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. José Luis Moracho Cupido, actuando en representación da «Asociación La Sal de La Tierra» (CIF G-03542362), segundo así resulta da documentación achegada ó Exp. nº 297939/301, asegurando o comparecente que as facultades expresamente conferidas pola Asemblea xeral da Asociación para a sinatura deste convenio non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación La Sal de La Tierra» é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co nº 349/94 e no RUEPSS da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia (E-1451) que ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social. A Asociación céntrase na atención ás necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen temporal ou de forma permanente en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación a través dun comedor social e dun servizo de reparto de alimentos.





## Concello de Vigo

II.- Que o comedor social da rúa Manuel de Castro, dependente da «Asociación La Sal de La Tierra», constitúe un valioso recurso ó servizo de moitas persoas en situación de necesidade e complementa os servizos sociais de atención primaria da cidade; especificamente, os dispositivos xa existentes desta mesma natureza.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que precisa acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra e os comedores doutras entidades, asociacións e fundacións, coas que xa se ten chegado a acordos de cofinanciamento semellantes.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.



De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2026, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación La Sal de La Tierra» para o sostemento do seu comedor social na rúa Manuel de Castro desta cidade e servizo de reparto de alimentos.

SEGUNDA.- A «Asociación La Sal de La Tierra» comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

- 1) Xestionar o funcionamento dun comedor social, de luns a venres durante todo o ano (agás no mes de agosto) e un servizo de reparto de alimentos para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica. Ó comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.
- 2) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades previstas e aboar as taxas, impostos e demais gastos derivados da súa execución.
- 3) Presentar nos prazos que establece o Convenio as Memorias xustificativa e económica e a demais documentación requirida.
- 4) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





## Concello de Vigo

- 5) Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación La Sal de La Tierra» unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 10.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 40.000€. O gasto en 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 – “*Convenio Comedor la Sal de La Tierra*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“*Liña 1.6. Axudas de emerxencia: Convenio comedor La Sal de la Tierra*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior<sup>1</sup>. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

- 1 A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias do comedor social xestionado pola Asociación.



SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos fixados e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Asociación La Sal de La Tierra» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).





## Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- A «Asociación La Sal de La Tierra» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria, de protección de datos de carácter persoal e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable exclusiva dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou



actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.





## Concello de Vigo

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

**3(727).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DO “PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025-2028)”. EXPTE. 300826/301.**

Visto o informe de fiscalización do 20/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/08/2026, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e pola



secretaría de Goberno local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## I. INFORME

I.1. O 12.08.2026 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social, á vista do informe do 12.08.2026 do Xefe de Área de Benestar Social, resolveu iniciar o expediente de solicitude de subvención, perante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para o cofinanciamento do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)».

I.2. O 21.11.2025 publicouse no DOG nº 226 a Orde da Consellería de Sanidade do 13 de novembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

O 3 de agosto de 2026 publicouse no DOG nº 144 a ORDE do 22 de xullo de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

Na disposición adicional terceira desta orde desístease da convocatoria anterior:

“Consonte o artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, desístease da convocatoria de subvencións convocada pola Orde do 13 de novembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G)”.

Esta Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar en réxime de concorrència competitiva a concesión de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas realizados por entidades locais galegas.

I.3. A Concellería de Política de Benestar Social, a través da Comisión de prevención do PLDA («Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións»), elaborou o proxecto de prevención de adicións no Concello de Vigo para o período 2025-2028. Os seus custos desglosados son os seguintes:

| Período                                                            | Programas/accións | Persoal            | Total             |
|--------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------------|-------------------|
| Do 01-10-2025 ao 30-11-2026                                        | 148.875,00        | 74.379,61€         | 223.254,61        |
| Do 01-12-2026 ao 30-06-2027                                        | 88.000,00         | 40.050,56€         | 128.050,56        |
| Do 01-07-2027 ao 30-11-2027                                        | 36.800,00         | 28.607,54€         | 65.407,54         |
| Do 01-12-2027 ao 30-06-2028                                        | 88.000,00         | 40.050,56€         | 128.050,56        |
| <b>TOTAL</b>                                                       | <b>361.675</b>    | <b>183.088,27€</b> | <b>544.763,27</b> |
| COFINANCIACIÓN CONCELLO DE VIGO: 30.5%                             |                   |                    | 166.152,79        |
| <b>COFINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA: 69.5 % (CONTÍA SOLICITADA)</b> |                   |                    | <b>378.610,48</b> |





## Concello de Vigo

\* O coste de persoal (dous técnicas) do Equipo de Prevención está calculado en base a súa dedicación de 22,5 horas/semana.

I.4. Para o desenvolvemento deste proxecto de prevención, o Concello de Vigo asinou un convenio de colaboración con tres entidades sociais integrantes do PLDA (“Alborada”, “Amaina” e “Érguete”) cunha achega económica municipal de 106.800€ e no orzamento do Concello figura a aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“Convenio entidades PLDA”) dotada con 106.800€.

I.5. Ademais para a xustificación da subvención se inclúe o 60% dos custes laborais das dúas traballadoras municipais adscritas parcialmente ao Plan de prevención.

I.6. Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

I.7. En todo caso, será a Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de atribucións na XGL), por proposta da Concelleira delegada de Política de Benestar Social e previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, quen deba pronunciarse sobre a aprobación deste Proxecto e sobre a solicitude de subvención á Admón. autonómica.

### II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)», elaborado pola Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, cun custo total de 544.763,27€ (Exp. Nº 300826/301).

SEGUNDO: Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ó abeiro da Orde do 22 de xullo de 2026(DOG n.º 144, do 03.08.2026), unha subvención por importe de 378.610,48 €, para o cofinanciamento do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)», aceptándose as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma.

TERCEIRO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Sanidade relacionadas co presente expediente corresponderalle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, segundo o Decreto de delegacións de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO 124 de 28 de xuño 2023, aptado. primeiro, letra J).

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



#### **4(728).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE “CUBRICIÓN DO PATIO DE C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO”. EXPTE. 2514/441.**

Visto o informe de fiscalización do 19/08/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 13/08/2026, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

#### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do CEP Celso Emilio Ferreiro” (2514-441)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do CEP Celso Emilio Ferreiro” (2514-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO”, redactado e asinado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que reixerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 10.02.2026.*

*Terceiro.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (734.203,53 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 127.423,75 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.632.0042 – proxecto de gasto 25323042 (Cubrición Patio de Colexio Celso Emilio Ferreiro), crédito provinte da incorporación de remanentes.*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*





## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de xullo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do CEP Celso Emilio Ferreiro” (2514-441) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador                          | Puntuación total |
|---|------------------------------------|------------------|
| 1 | OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL  | 94,72            |
| 2 | ORECO BALGON, SA                   | 90,78            |
| 3 | CONSTRUCCIONES ABAL, SA            | 85,92            |
| 4 | OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, SL | 82,43            |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, o día 16 de xullo de 2026, que presenta a documentación requirida o día 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o apoderamento do seu representante e a súa clasificación e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figuran, ademais dos datos anteriores (excepto a clasificación) os certificados positivos de débedas da AEAT, a ATRIGA e a TXSS.
- A escritura de constitución da licitadora, na que figuran os estatutos da mercantil co seu obxecto social e o apoderamento do representante, e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (C-3-3) presentan a clasificación C-2-4.



- Seguro de caución por un importe de 27.750,00 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 6 de agosto de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 3 de xuño e 13 de xullo de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do CEP Celso Emilio Ferreiro” (2514-441) por un prezo total do contrato de 671.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 116.550,00 euros.*





## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(729).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A ADQUISICIÓN DA OBRA “TALISMANTA” DA PINTORA BERTA CÁCCAMO. EXPTE. 7991/337.**

Visto o informe de fiscalización do 25/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/08/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo director do Museo, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do subministro para a adquisición da obra “Talismanta” da pintora Berta Cáccamo (7991-337) (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 17 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra “Talismanta” da pintora Berta Cáccamo.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 13 de maio de 2026, redactado polo director do museo municipal “Quiñones de León”.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 20 de maio de 2026, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 25.000 € (vinte e cinco mil euros), exento de IVE, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 “adquisición de obra artística” do orzamento municipal vixente”.*

*5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”.*



**Segundo.-** O 27 de xullo de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO.

**Terceiro.-** O 3 de agosto de 2026, XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 18 de agosto de 2026, reuníronse o xefe do servizo de Museos Municipais xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobada a mesma, acórdase conceder un prazo de 3 días naturais a XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO para que poida emendar a documentación do sobre A ("Documentación persoal") de conformidade co esixido na cláusula 17 do PCAP (en concreto, o Anexo II do PCAP). Este acordo foi notificado ao licitador quen presentou a documentación dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** O 21 de agosto de 2026, reúnen, novamente, o xefe do servizo de Museos Municipais xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, para a cualificación da documentación presentada e apertura do Sobre B, se procedese, comprobando que a licitadora achega a documentación requirida correctamente.

En vista do anterior, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "(...) *no presente caso, dado que o contratista é o propietario dos dereitos da exposición e as características do mesmo determinadas, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.





Concello de Vigo

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas dos días 18 e 21 de agosto de 2026 de apertura dos sobres A e de emenda do sobre A e apertura do sobre B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO o procedemento negociado sen publicidade do subministro para a adquisición da obra "Talismanta" da pintora Berta Cáccamo (7991-337) por un prezo total de 25.000,00 euros (exento IVE)".*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(730).- CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) DE BEMBRIVE. (EXPT. 25103/332)**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 24/08/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada xefa de Asesoramento e o interventor xeral, que di o seguinte:



## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (PCAP)

## ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2021, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (expediente 25.103-332), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 29 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

*“Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o procedemento aberto do servizo do servizo da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (expediente 25.103-332) coas seguintes condicións por un prezo total de 1.377.534,16 euros, estando exento de IVE, e unha porcentaxe de desconto do 10,09 % a aplicar aos prezos unitarios unitarios relacionados no apartado 3.G das FEC, e as seguintes condicións.*

- *Propón un incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 15 horas/semana.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

O contrato formalizouse o día 26 de agosto de 2021, iniciándose a súa execución o día 1 de setembro, por un prazo de 4 anos, estando contemplada unha prórroga de un ano.





## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 25 de abril de 2025, autorizou a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

**Cuarto.-** Na actualidade está pendente de formalización o contrato do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive tramitado no expediente 99.420-332.

O anuncio de información previa deste contrato publicouse o 27 de xaneiro de 2026, aprobándose o expediente pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de febreiro de 2026.

O anuncio de licitación foi publicado no DOUE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 4 de marzo de 2026, comezando ese mesmo día o prazo de presentación de ofertas, que rematou o 10 de abril.

**Quinto.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 25.09.2025 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 07.11.2025) con data 7 de abril de 2026 resolveu:

- *“Aprobar a resposta ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.*
- *Ampliar o prazo de presentación de proposicións en 3 días naturais.*
- *Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.*
- *No suposto de que se tivera presentado algunha proposición nesta licitación, o/s licitador/es poderá/n presentar outra que será a que se teña en conta. De non facelo, entenderase que mantén/ñen a proposición xa presentada”.*

**Sexto.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 16 de abril de 2026, acordou:

*“Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

1. COLEGIO LOS MILAGROS, SL
2. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SAU”

Na mesma sesión abriuse o Sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores admitidos e acordouse *“solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor”*.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 14 de maio de 2026, aceptou o informe asinado pola xefa do servizo de Educación o 5 de maio de 2026 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.



Na mesma sesión abriuse o Sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos e acordouse “solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor”.

**Oitavo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 21 de maio de 2026, aceptou o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 15 e maio de 2026 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

Na mesma sesión a Mesa formulou proposta de clasificación.

**Noveno.-** O segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (resolución da Alcaldía do 15.05.2026) con data 21 de maio de 2026 resolveu:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador                       | Puntuación total |
|---|---------------------------------|------------------|
| 1 | KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL | 98,00            |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, SL        | 77,72            |

*Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.*

Esta resolución foi notificada o mesmo día. Dentro do prazo concedido, o licitador presentou documentación o 5 de xuño de 2026.

**Décimo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 12 de xuño de 2026, acordou entender que o primeiro clasificado, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, non cumpriu o requirimento do artigo 150.2 da LCSP “por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito





## Concello de Vigo

no rexistro correspondente (artículo 71.1.d))” e, en consecuencia, requirir a documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, SL.

**Undécimo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 25 de xuño de 2026, formulou a proposta de adxudicación a favor do segundo clasificado, COLEGIO LOS MILAGROS, SL.

**Décimo segundo.-** Con data do 1 de xullo de 2026, D<sup>a</sup>. Blanca de Benito Arranz, en nome e representación de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpuxo recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de contratación, 12 de xuño de 2026, polo que se lle exclúe do procedemento.

**Décimo terceiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 3 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) por un prezo total do contrato de 1.861.167,13 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:*

- 1. Incrementa as horas mínimas semanais de adicación ao servizo de Orientación Familiar fixadas no PPT (2 horas) en 10 horas.*
- 2. Achega 5.000,54 euros para material didáctico. Axuntase a relación de material didáctico para o desenvolvemento do PEC, que inclúe o orzamento valorado do mesmo segundo prezos de mercado*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Na mesma sesión se aprobou o informe en relación co recurso especial presentado por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL e se acordou dar traslado deste ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O acordo de adxudicación foi notificado aos licitadores o 6 de xullo de 2026.

**Décimo cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“Tomar razón da Resolución de Medida Cautelar nº 61/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), de “suspensión da contratación”, recaída no recurso nº 163/2026, interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS SL contra a súa exclusión da contratación do “Servicio de Gestión de la Escuela Infantil Municipal de Bembrive” .*

**Décimo quinto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 24 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:



*“1º Tomar razón da Resolución nº 172/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 163/2026, interposto interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL contra a súa exclusión da contratación do “Servicio de Gestión de la Escuela Infantil Municipal de Bembrive” Expediente 99420-332 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

- 1. Estimar parcialmente o recurso interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL contra a súa exclusión da contratación do “Servicio de Gestión de la Escuela Infantil Municipal de Bembrive” Expediente 99420-332 do Concello de Vigo.*
- 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*
- 3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución”.*

**Décimo sexto.-** Na sesión da Mesa de Contratación do 30 de xullo de 2026 deuse conta da resolución nº 172/2026, do 21 de xullo de 2026, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se estima parcialmente o recurso interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL contra a súa exclusión do procedemento “coa anulación do acordo de exclusión impugnado e a retroacción do procedemento para que o órgano de contratación analice e se pronuncie de forma motivada sobre a fiabilidade do licitador recorrente”.

Para dar cumprimento a esta resolución a Mesa de Contratación acordou conceder un prazo de 3 días naturais para que a licitadora, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, aportase as probas que considerase pertinentes en relación as medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente.

**Décimo sétimo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 6 de agosto de 2026, formulou proposta de adxudicación a favor de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL.

**Décimo oitavo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 7 de agosto de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) por un prezo total do contrato de 1.799.128,23 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:*

- a) Incrementa as horas mínimas semanais de adicación ao servizo de Orientación Familiar fixadas no PPT (2 horas) en 37 horas/semanais.*
- b) Achega 15.005,45 euros para material didáctico.*





## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Este acordo foi notificado e publicado o 10 de agosto de 2026.

**Décimo noveno.-** Mediante escrito presentado o 12 de agosto de 2026 (documento nº 260218047), D. José Luis Rey Parente, en representación de COLEGIO LOS MILAGROS, SL, solicitou acceso ao expediente 99420-332 “*previo á posible presentación de recurso especial en materia de contratación*”.

**Vixésimo.-** En data 18 de agosto de 2026, a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación e o concelleiro da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística (PD 28/07/2026), emite informe no que solicita ao Servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poida formalizar o novo contrato.

**Vixésimo primeiro.-** Constan no expediente tanto a conformidade do contratista á continuidade do contrato “*nos mesmos termos e condicións do vixente contrato*” (documento nº 260223529 de data 20 de agosto de 2026) como o documento contable de retención de crédito para facer fronte a continuidade do contrato actual, de data 3 de agosto de 2026 (RC nº 12026000077900).

**Vixésimo segundo.-** En data 21 de agosto de 2026, a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación e o concelleiro da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística (PD 28/07/2026), emite informe que corrixe o de data 18 de agosto.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público



-II-

**Da finalización do prazo do contrato de xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (expediente 25.103-332) con carácter previo á formalización do novo contrato (expediente 99.420-332) que garanta a continuidade do servizo**

O contrato do servizo para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (expte. 25.103-332) adxudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno local do 29 de xullo de 2021 a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. por un prazo de 4 anos e con 1 posible prórroga dun ano de duración, iniciándose a prestación o 1 de setembro segundo o previsto no apartado 4D do Anexo I -FEC- do PCAP.

Por acordo da Xunta de Goberno local do 25 de abril de 2025 autorizouse a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

Na actualidade, estase tramitando un novo procedemento para a prestación do servizo, no expediente 99.420-332, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local o 27 de febreiro de 2026, publicándose o anuncio de licitación o 4 de marzo.

Cómpre salientar que mediante resolución do 21 de maio de 2026 se clasificou o procedemento e se concedeu un prazo de 10 días hábiles ao primeiro clasificado, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presentase a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP. No entanto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 12 de xuño de 2026, entendeu que o primeiro clasificado non cumpriu o requirimento do artigo 150.2 da LCSP *“por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artículo 71.1.d)”* e, en consecuencia, requiriu a documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, SL., concedéndolle 10 días hábiles para a súa presentación.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do 25 de xuño de 2026, formulou proposta de adxudicación a favor de COLEGIO LOS MILAGROS, SL.

Como consecuencia do anterior, a adxudicación do contrato dilatouse ata o 3 de xullo de 2026, data na que foi acordada pola Xunta de Goberno local.

Asemade, o 1 de xullo de 2026 KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL interpuxo recurso especial de contratación contra a súa exclusión e solicitou medida cautelar de suspensión que foi acordada mediante resolución nº 61/2026 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de data 7 de xullo de 2026 (recurso nº 163/2026). Por esta causa, o procedemento estivo suspendido ata o 21 de xullo, data na que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia acordou estimar parcialmente o recurso interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, mediante resolución nº 172/2026, *“coa anulación do acordo de exclusión impugnado e a retroacción do procedemento para que o órgano de contratación analice e se pronuncie de forma motivada sobre a fiabilidade do licitador recorrente, de acordo co explicado na presente Resolución”*. Na resolución levantouse a suspensión do procedemento.





## Concello de Vigo

Para dar cumprimento a esta resolución, a Mesa de Contratación acordou conceder un prazo de 3 días naturais para que KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL aportase as probas que considerase pertinentes en relación as medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do 6 de agosto de 2026, formulou proposta de adxudicación a favor de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, adxudicándosele o contrato mediante acordo da Xunta de Goberno local do 7 de agosto de 2026. Este acordo notificouse e publicouse na data 10 de agosto de 2026.

Dado que o contrato está suxeito a recurso especial en materia de contratación, a formalización non pode efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles desde que se remitiu a notificación aos licitadores, rematando este prazo o día 1 de setembro de 2026, data na que estaba previsto o inicio do contrato.

En consecuencia, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata o 31 de agosto de 2026 e o novo contrato non se pode formalizar ata que transcorra o prazo para a interposición do recurso especial, que finaliza o 1 de setembro. Iso sen prexuízo de que se poidan interpoñer novos recursos tendo en conta o escrito presentado o 12 de agosto por 2026 COLEGIO LOS MILAGROS, SL no que solicitou acceso ao expediente 99420-332 “previo á posible presentación de recurso especial en materia de contratación”.

-III-

### **Necesidade da prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive ata a formalización do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a xestión parcial da Escola Infantil Municipal de Bembrive, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Indica o informe da xefa do Servizo de Educación de data 18 de agosto de 2026:

*“O servizo de xestión parcial da Escola Infantil Municipal de Bembrive é primordial para o funcionamento deste centro educativo de 0-3 anos. Estamos diante dun servizo prestado polo Concello, que cubre unha necesidade tanto educativa como asistencial recollida na vixente lexislación (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, Lei de Galicia 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia). A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo ás familias das/dos nenas/os usuarias/os. Das nove escolas infantís*



*municipais esta é a que ten unha maior demanda de persoas usuarias, sendo así mesmo a única que conta con dúas liñas por cada un dos tres cursos ofertados”.*

En consecuencia, está xustificada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato; do contrario, habería que pechar a escola infantil ocasionando un grave trastorno para os nenos usuarios e as súas familias.

Cómpre lembrar que entre as necesidades a satisfacer con este contrato relacionadas no apartado 2C da FEC se recollían no só “*Proporcionar aos nenos e nenas unha atención integral sen distinción de raza, nacionalidade, sexo, relixión, lingua ou condición social, garantindo o seu pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral*” senón tamén “*Servir de reforzo e apoio ás familias traballadoras da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar*”).

#### **-IV-**

#### **Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible formalizar o novo contrato tras a finalización do anterior, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que produzan atrasos e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministro, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que implicaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, período que é incerto e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo; se ben condicionada polas seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.





## Concello de Vigo

- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Ante a inminente finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que neste caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025. A tramitación do expediente de contratación iniciouse o 16 de decembro de 2025, por orde da concelleira delegada de Educación e da concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística (expediente 99.420-332) e foi aprobado o día 27 de febreiro de 2026. No entanto a súa tramitación demorouse, primeiro, porque tras a clasificación do procedemento mediante resolución de data 22 de maio de 2026, a adxudicación a COLEGIO LOS MILAGROS, SL dilatouse ata o 3 de xullo de 2026 porque a Mesa de Contratación entendeu que o primeiro clasificado, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, non atendeu ao requirimento do artigo 150.2 da LCSP e se formulou un novo requirimento ao segundo clasificado. Asemade, foi interposto un recurso especial en materia de contratación o 1 de xullo de 2026 no que se solicitou medida cautelar de suspensión. Esta medida foi acordada polo TACGAL suspendendo o procedemento ata o 21 de xullo. O recurso foi estimado parcialmente coa anulación do acordo de exclusión impugnado e a retroacción do procedemento. Para dar cumprimento a esta resolución a Mesa de Contratación concedeu un prazo de 3 días naturais a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL para que aportase as probas que considerase pertinentes en relación coas medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente e na sesión do 6 de agosto formulou proposta de adxudicación ao seu favor.

Todos estes acontecementos contribuíron a que a adxudicación se atrasase ao 7 de agosto de 2026. O acordo notificouse e publicouse na data 10 de agosto de 2026 non podendo formalizarse o contrato ata que transcorra o prazo de interposición do recurso especial que remata o 1 de setembro (data na que debería iniciarse o contrato). A isto se suma a posibilidade de interposición dun novo recurso, segundo se desprende do escrito presentado o 12 de agosto por 2026 por COLEGIO LOS MILAGROS, SL no que solicitou acceso ao expediente 99420-332 *“previo á posible presentación de recurso especial en materia de contratación”*.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ao segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, tal e como informa o servizo xestor, a xestión parcial



da Escola Infantil Municipal de Bembrive é primordial para o funcionamento deste centro educativo de 0-3 anos tratándose dun servizo que cubre unha necesidade tanto educativa como asistencial recollida na vixente lexislación (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, Lei de Galicia 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia).

En efecto, entre as necesidades a satisfacer con este contrato relacionadas no apartado 2C da FEC se recollían no só *“Proporcionar aos nenos e nenas unha atención integral sen distinción de raza, nacionalidade, sexo, relixión, lingua ou condición social, garantindo o seu pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral”* senón tamén *“Servir de reforzo e apoio ás familias traballadoras da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar”*)

Informa o servizo xestor que *“A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo ás familias das/dos nenas/os usuarias/os. Das nove escolas infantís municipais esta é a que ten unha maior demanda de persoas usuarias, sendo así mesmo a única que conta con dúas liñas por cada un dos tres cursos ofertados”*.

3. O procedemento de licitación foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno local en data 16 de decembro de 2025 e o anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 4 de marzo de 2026 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, polo que se cumpre o requisito de publicación tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

Ademais dos requisitos legais cómpre ter en conta a recente doutrina do Tribunal Supremo. Así, os razoamentos da STS do 27 de outubro de 2025 céntranse en primeiro lugar no carácter esencial do prazo de duración dos contratos administrativos, e na relevancia da súa adecuada delimitación. Pon en valor o deber de dilixencia cualificado da entidade contratante á hora de tramitar a sucesión contractual. Así, considera que a obriga de asegurar a continuidade prestacional ata a entrada no servizo dunha nova empresa só pode entenderse nun contexto no que se teña iniciado o procedemento para a selección do novo contratista. Un razoamento lóxico e coherente coa natureza excepcional da prórroga forzosa, cuxa duración ha de quedar “estritamente limitada ao tempo necesario para que conclúa o procedemento e se poida iniciar a prestación polo novo contratista”.

A STS 34/2026, do 21 de xaneiro de 2026, declara que a Administración non pode impoñer unilateralmente a prórroga dun contrato público cando o prego esixe acordo mutuo.

O fallo corrixe ao TSX de Galicia e reafirma que, se o contrato condiciona a prórroga ao consentimento de ambas partes, non cabe forzar ao contratista a continuar o servizo invocando o interese público, esixindo a concorrencia de mutuo acordo.

A sentenza reforza o valor vinculante do prego e lanza unha mensaxe clara: a Administración ha de respectar necesariamente o pactado e non está en disposición de prolongar unilateralmente un contrato cando o propio contrato non ten cobertura legal para iso.





## Concello de Vigo

A cláusula 7 do PCAP regula o prazo de execución e a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración no apartado 4C do Anexo I -FEC-, pero non se pronuncia sobre a continuidade da prestación cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato polo que haberá que estar ao disposto no artigo 29.4 da LCSP. No entanto, si consta acreditada no expediente a dilixencia na tramitación do novo contrato (iniciada o 16 de decembro de 2025), a continuidade limítase estritamente ao tempo necesario para que conclúa o procedemento e se poida iniciar a prestación polo novo contratista e o actual contratista prestou a súa conformidade á continuidade nos mesmos termos que no contrato vixente.

Tendo en conta o anterior, no caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización coa empresa adxudicataria do novo contrato, dado que non se contravén ningunha cláusula do PCAP, se cumpren os requisitos esixidos no artigo 29.4 da LCSP e se respecta a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

**-V-**

### Condições da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas do contrato continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima como período máximo de continuidade do servizo 2 meses:

*“Se temos en conta que o prazo para a posible interposición dun recurso especial en materia de contratación contra esta adxudicación por parte do outro licitador (15 días hábiles) finalizaría o 1 de setembro (posible interposición da que fai mención este licitador nunha solicitude de vista do expediente) e dos prazos necesarios para a remisión do recurso ao TACGal e para a súa resolución, unha estimación razoable sería calcular que a execución deste novo contrato podería iniciarse o 1 de novembro de 2026.*

*En consecuencia, sería necesaria a continuidade do vixente contrato (25103/332) mentres non entre en vigor o expediente do novo contrato, estimada nun período adicional de dous (2) meses (do 1 de setembro ao 31 de outubro)”.*

Para facer fronte aos gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que *“O gasto da continuidade do contrato polo indicado prazo de dous meses supón un importe de 56.297,32 euros, imputable á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive)”.*



Así mesmo, consta no expediente a conformidade de COLEGIO LOS MILAGROS SL, en escrito de data 20 de agosto de 2026, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

#### **-VI-**

#### **Recursos**

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LPA).

#### **-VII-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- A continuidade da prestación do servizo para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive (expediente 25.103-332), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 29 de xullo de 2021 a COLEGIO LOS MILAGROS, SL, nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, que se tramita no expediente nº 99.420-332.*

*2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de setembro ao 31 de outubro de 2026 polo importe máximo de 56.297,32 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive)*

*3º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle de que contra o mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-*





## Concello de Vigo

*Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.*

*Con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición (artigo 123.1 da LPAC).*

*Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LPAC).*

*4º.- Comunicar este acordo ao servizo xestor”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(731).- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 6754/330.**

Visto o informe xurídico de data 21/07/2026 e o informe de fiscalización do 13/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

Con data 17 de xullo pasado, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva.

#### **II.- CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA**

##### **Importe.-**

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

##### **Ámbito temporal e espacial.-**

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026, ambos inclusive.

O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, espazo artístico e cultural proxectado como referente para a cidade. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de outubro de 2011 aprobou o Regulamento de funcionamento e uso do Auditorio, coa finalidade de acadar unha utilización racional e ordenada deste espazo, garantindo aos



cidadáns o acceso ás instalacións en igualdade de condicións e coordinar a organización de actividades.

Neste sentido, no citado Regulamento indícase:

*“Artigo 3.- Serán tarefas, entre outras, do Auditorio-Pazo de Congresos:*

*\* Facilita-la organización de espectáculos de teatro, danza, música, cine e/ou calquera outra manifestación cultural ou artística en calquera das súas modalidades.*

*\* A difusión, promoción e divulgación de calquera das súas modalidades.*

*\* A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de ocio nos sectores máis xoves da poboación.*

*\* A promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc.*

*\* As prestacións de servizos dirixidos á organización de ditas actividades.*

#### Obxecto.-

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactaron por esta xefatura a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampárase no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos, dotando dunha serie de actividades socioculturais que afonden na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.

As especiais características do Auditorio “Mar de Vigo” implican que a convocatoria teña como fin a promoción de espectáculos e actividades que non son susceptibles nalgúns casos de realizarse noutras instalacións do termo municipal, e posibilitar de paso o acceso maioritario dos cidadáns á cultura nas súas diferentes vertentes e modalidades, especialmente ás artes escénicas e musicais.

#### Publicidade.-

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de





## Concello de Vigo

novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

### Procedemento presentación solicitudes e prazos.-

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas e asinadas electronicamente, mediante o modelo oficial de solicitude e demais Anexos aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

### Procedemento de concesión.-

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrência competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación estipulados nas bases reguladoras da presente convocatoria.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada actividade a subvencionar será do 50% do importe de gastos presentado. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total,



procederá a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

#### Xustificación.-

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

Só se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

A teor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

#### Órgano competente.-

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

### **III.-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras, anexos e extracto de subvencións que se achegan no expediente, para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.





## Concello de Vigo

**Segundo.-** Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCENTOS MIL) euros con cargo á aplicación 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(732).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL E CORRECTIVO DOS ASCENSORES E PLATAFORMA SALVA ESCALEIRAS DAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 25748/333.**

Visto o informe xurídico de data 12/08/2026 e o informe de fiscalización do 18/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

**1.-** As instalacións deportivas municipais dependentes do servizo de deportes, constitúen os principais bens demaniais onde se desenvolve a actividade deportiva na cidade de Vigo, polo que é necesario garantir o seu perfecto estado en aras do seu uso nas mellores e articular os medios necesarios para o seu mantemento.

O artigo 6 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) de carácter básico, obriga a axustar a xestión e administración dos mesmos á adecuación e suficiencia dos bens para servir ao uso xeral ou servizo público ao que estea destinado (artigo 6.b LPAP), así como ao exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei ou outras leis especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade (artigo 6.e. LPAP).

A necesidade se fundamenta na obrigatoriedade de contar cos medios necesarios par levar a cabo as diferentes actuacións de mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal e, para a reparación de posibles avarías que se produzan ao longo do tempo nas citadas instalacións, funcións para as que se require unha serie de medios materiais e humanos dos que non dispón o Concello de Vigo na actualidade.

**2.-** En virtude do anterior, para a realización desta actuación, en data 29.04.26 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do servizo de deportes, ao abeiro do cal, o día 29.04.26, o concelleiro de área de Goberno de Fomento, servizos e deportes acordou o inicio do expediente de contratación.

**3.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe do servizo de deportes o día 29.04.26, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da área de fomento, servizos e deportes o día 29.04.26.



- c) Prego de prescricións Técnicas asinado polo Xefe do servizo de deportes o día 27.07.26.
- d) Memoria económica asinada polo xefe do servizo de deportes o día 08.07.26.
- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 09.07.26.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo xefe do servizo de deportes e asinada o día 27.07.26.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do servizo de Contratación do día 27.07.26.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (Artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do Contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4.f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa non división por lotes (artigo 116.4.g) da LCSP, as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular de asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

## III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL E CORRECTIVO (MANTEMENTO INTEGRAL-TOTAL) DOS ASCENSORES E PLATAFORMA SALVA ESCALEIRAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**





## Concello de Vigo

**DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES**, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de “VINTE NOVE MIL TRES CENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS” (29.384,14€).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe do Servizo de deportes do día 27.07.26.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación do día 27.07.26.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3420.2279914 “Ascensores”.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(733).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA O CAMPO DE FÚTBOL DE O CARBALLAL E AS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 8069/611.**

Visto o informe xurídico de data 13/08/2026 e o informe de fiscalización do 19/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/08/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

**1.-** O servizo de deportes ten, entre as súas competencias, a xestión das instalacións deportivas municipais, entre as que se atopan o campo de fútbol de Carballal e as pistas de atletismo de Balaidos, que serían utilizadas polo persoal de conserxería, e sendo esenciais para o traballo diario do Servizo de Deportes nas ditas instalacións, en tanto en canto non se podan acometer obras de construción de módulos de edificación.

**2.-** En virtude do anterior, para a realización deste subministro en réxime de aluguer, en data 26.03.26 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do servizo de deportes, ao abeiro do cal, o día 26.03.26, o concelleiro de área de Goberno de Fomento, servizos e deportes acordou o inicio do expediente de contratación.

**3.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe do servizo de deportes o día 26.03.26, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da área de fomento, servizos e deportes o día 26.03.26.
- c) Prego de prescricións Técnicas asinado polo xefe do Servizo de Deportes o día 05.06.26.
- d) Memoria económica asinada polo xefe do Servizo de Deportes o día 02.06.26.



- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 04.06.26.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo xefe do Servizo de Deportes e asinada o día 09.07.26.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do día 10.08.26.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (Artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do Contrato

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4.f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica e profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa non división por lotes (artigo 116.4.g) da LCSP, as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular de asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

## III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobación do expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de “CATRO MIL





## Concello de Vigo

CINCOCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS" (4.535,69€).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe do Servizo de Deportes o día 05.06.26.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación e a técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e asinado o día 10.08.26.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3420.2080000 "outro material".

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(734).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPREENDEDORAS E PEMES". EXPTE. 22085/77.**

Visto o informe xurídico de data 13/08/2026 e informe de fiscalización de data 21/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/08/2026, asinado pola letrada asesora xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **I.- ANTECEDENTES.**

Primeiro.- Mediante resolución do 19 de maio de 2026 a quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, resolveu iniciar o expediente de contratación para a prestación do SERVIZO DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPREENDEDORAS PEMES.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de Administración Xeral do servizo Desenvolvemento Local e Emprego e orde de inicio do expediente asinada pola quinta tenente de alcalde e concelleira da área de



Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude en data 19/05/2026.

- b) Memoria económica do contrato asinada pola pola técnica de Administración Xeral do servizo Desenvolvemento Local e Emprego, a quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, e concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda en data 20/05/2026.
- c) Documentos contables de retención de crédito de 25/05/2026 (RC núm. Operación: 202600059677 e RCFUT núm. Operación 202600059678)
- d) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do servizo Desenvolvemento Local e Emprego en data 27/05/2026.
- e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 28 de maio de 2026, asinado pola técnica de Administración Xeral do servizo Desenvolvemento Local e Emprego.
- f) Anuncio de información previa no DOUE de 3 de xullo de 2026.
- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola letrada e instrutora do procedemento (Resolución de 11/06/2026) e a quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, en data 22/07/2026 (última sinatura)
- h) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da área de Contratación e Novos Proxectos do servizo de Contratación, en data 23 de xullo de 2026.
- i) Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación, en data 12 de agosto de 2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia consta delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración, modificada o 25/09/2025 e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo modificada o 25/09/2025, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 e posteriores modificacións por acordo de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024, 28 de xuño de 2024, 13 de xuño de 2025 e de 25 de setembro de 2025 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados. A quinta tenente de Alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, en resolución de 19 de maio de 2026, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de administración xeral do servizo Desenvolvemento Local e Emprego e o prego de cláusulas administrativas particulares





## Concello de Vigo

redactado pola técnica de administración xeral e a xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (22085-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPREENDEDORAS E PEMES”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 28 de maio de 2026, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de agosto de 2026 que rexerán a contratación do “SERVIZO DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPREENDEDORAS E PEMES”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de **601.956,03 €**, para a contratación do “SERVIZO DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPREENDEDORAS E PEMES”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270610 ASESORAMENTO VIGO EMPRENDE”, dos orzamentos do Concello de Vigo, distribuído nas seguintes anualidades:

Arial

| Ano  | Importe      |
|------|--------------|
| 2026 | 61.490,13 €  |
| 2027 | 300.978,02 € |
| 2028 | 239.487,88 € |

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(735).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DA OBRA “CABALO SURREALISTA” DO PINTOR EUGENIO GRANELL. EXPTE. 8032/337.**



Visto o informe xurídico de data 13/08/2026 e o informe de fiscalización do 18/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/08/2026 asinado polo director do Museo e conformado polo xefe do servizo de Museos, polo concelleiro delegado de Cultura e pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 14 de xullo de 2026.
- Memoria económica de data 16 de xullo de 2026, asinada polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 20 de xullo de 2026 (operación RC nº 12026000039508).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 27 de xullo de 2026 asinado polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Memoria xustificativa, de data 28 de xullo de 2026, asinada polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe, de data 31 de xullo de 2026, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 31 de xullo de 2026, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.





Concello de Vigo

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou a resolución que inicia o expediente con data 26 de maio de 2026 e o informe da necesidade e idoneidade con data 14 de xullo de 2026 da contratación por procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra “CABALO SURREALISTA” do pintor EUGENIO GRANELL.

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo director do museo municipal “Quiñones de León”, conformada polo xefe de servizo de museos e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

**Quinto:** Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase entre outras cuestións:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.



- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato, polo seu obxecto corresponde ao tipo de subministros previsto no artigo 16 da LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento negociado sen publicidade, en base ao regulado no artigo 168, a) 2º da LCSP, coa propiedade da obra Prolar Arte S.L. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP.

**Oitavo:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 20 de xullo de 2026.

**Décimo:** Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do xefe do servizo de museos, do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra “CABALO SURREALISTA” do pintor EUGENIO GRANELL.





## Concello de Vigo

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 27 de xullo de 2026, redactado polo director do museo municipal “Quiñones de León”.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 31 de xullo de 2026, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 33.000 € (trinta e tres mil euros), exento de IVE, facturado REBU, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 “adquisición de obra artística” do orzamento municipal vixente.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(736).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUTURAS. EXPTE. 49527/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/08/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas en data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 16.04.2024 a súa provisión definitiva, consonte á calendarización efectuada nas actuacións municipais da dita provisión definitiva.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerense polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.





## Concello de Vigo

- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

### II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha Ley 2/2015, que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura que se convoca, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que



habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

### III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto convocado, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

### IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

**SEGUNDO.-** Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.





**Concello de Vigo**

**TERCEIRO.** - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

## **ANEXO I**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUTURAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOPPO núm. 237, do xoves 11 de decembro do 2025, coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Servizo Vías e Obras e Infraestructuras
- Servizo no que se adscribe: Vías e Obras
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 4410101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior
- Grupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 35.227,64 €
- Sistema de provisión: concurso específico
- Titulacións académicas oficiais esixidas para o acceso ao posto segundo a RPT: enxeñeiro/a ou equivalente (44); enxeñeiro/a industrial ou equivalente (46); enxeñeiro/a de camiños, canais e portos ou equivalente (47) ou arquitecto/a superior ou equivalente (75)

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Servizo, publicadas no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

#### **SEGUNDO.- SOLICITUDES**



1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia auténtica da titulación académica oficial indicada na Base Primeira.
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

### **TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.**





## Concello de Vigo

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugna-la directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

### CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoráranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoráranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.-** A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

#### 1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorárase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

#### 1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)



Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

**1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

**1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

**1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das





## Concello de Vigo

Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### 1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

### 1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.



- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

**1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

**1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.





## Concello de Vigo

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

### **SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición



No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteo

## QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizárase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarse ao





## Concello de Vigo

criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicarase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

### **SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN**

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.



O cómputo dos prazos de posesión iniciárase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciárase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

#### **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

#### **OITAVO.- RECURSOS**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(737).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DA OFICINA DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS (OSPIO). EXPTE. 49526/220.**





## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 19/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/08/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas en data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente a súa provisión definitiva, consonte á calendarización efectuada nas actuacións municipais da dita provisión definitiva.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerense polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.



Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

## II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles





## Concello de Vigo

postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura que se convoca, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

### III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto convocado, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

### IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:



*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

## **V.- PROPOSTA DE ACORDO**

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a do Servizo da Oficina de Supervisión de Proxectos (OSPÍO) mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

**SEGUNDO.-** Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

**TERCEIRO.** - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

## **ANEXO I**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DA OFICINA DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS (OSPÍO) POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1 e A2, mediante o procedemento de concurso específico.





## Concello de Vigo

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOPPO núm. 237, do xoves 11 de decembro do 2025, coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Servizo Vías e Obras e Infraestruturas
- Servizo no que se adscribe: Vías e Obras
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 4430101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior/Media
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 26.681,90 €
- Sistema de provisión: concurso específico
- Titulacións académicas oficiais esixidas para o acceso ao posto segundo a RPT: Diplomado en arquitectura ou equivalente (42); diplomado en arquitectura técnica ou equivalente (43); enxeñeiro/a ou equivalente (44); enxeñeiro técnico ou equivalente (53); ou arquitecto/a superior ou equivalente (75)

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Servizo, publicadas no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

### SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia auténtica da titulación académica oficial indicada na Base Primeira.
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos,



departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.

- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

### **TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.**

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnala directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.





Concello de Vigo

#### CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoráranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoráranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.-** A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

##### 1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorárase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

##### 1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorárase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

##### 1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.



**1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)"

**1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.





## Concello de Vigo

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

### 1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

### 1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

### 1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en



calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

#### **1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

#### **SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**





## Concello de Vigo

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborárase dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.



Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

#### **QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicarase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.





## Concello de Vigo

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

### **SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN**

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

### **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.



Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

#### **OITAVO.- RECURSOS**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(738).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 49413/220.**

Visto o informe de fiscalización do 24/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/08/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- Consta incoado expediente para nomeamento de persoal interino no servizo de Benestar Social, coas urxencia e necesidades acreditadas, concretamente para chamamento de 1 administrativo/a (C1) con cargo a vacante existente conforme ao artigo 10.1 a) do TREBEP (expediente 49413-220).

II.- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, Acordo da Xunta de Goberno Local 29.08.2025) procedeuse ao chamamento das persoas candidatas, co resultado de aceptación recollido na dilixencia de verificación de datos incorporada ao expediente.

III.- Consta igualmente informe técnico de estimación da cuatificación económica de data 21.08.2026, incorporado ao expediente.

*"Solicitado informe sobre cuantificación económica do custo que supón o nomeamento como persoal interino de un Administrativo/a no servizo de Benestar Social, informase No ano 2026 as retribución anual do posto de Administrativo/a có incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:*

|                              |             |
|------------------------------|-------------|
| <i>Retribucións Básicas:</i> | 12.364,40 € |
|------------------------------|-------------|





## Concello de Vigo

|                                    |             |
|------------------------------------|-------------|
| Complemento de Destino (Nivel 19): | 7.307,16 €  |
| Complemento Especifico:            | 11.851,28 € |
| Estimacion Seguridade social:      | 8.337,79 €  |

Estas retribucións estarán vixentes ata final do exercicio 2026.

A partir do ano 2027 os custes dun posto de Administrativo, co incremento do 4,5%, e a consolidación do 0,5% do incremento do IPC de 2026, contemplado para o ano 2027 no Acordo Marco pola Mellora do Emprego Público e o Servizo a Cidadanía:

|                                    |             |
|------------------------------------|-------------|
| Retribucións Basicas:              | 12.984,50 € |
| Complemento de Destino (Nivel 19): | 7.673,87 €  |
| Complemento Especifico:            | 13.049,78 € |
| Estimacion Seguridade social:      | 8.915,81 €  |

IV.- Coa proposta de nomeamento realizada respéctase o límite da taxa de cobertura temporal por debaixo do 8% das prazas estruturais do Concello de Vigo.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Normativa de aplicación.-** --Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4o sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1o) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes



*locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

*En similar senso, a STJG de 15 de febreiro de 2017 establece que:*

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18a de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa la cobertura de vacante (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva, e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Consta incorporada a verificación dos chamamentos realizados no presente procedemento conforme aos vixentes criterios co seguinte resultado: (...)

De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19.09.2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento





## Concello de Vigo

das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

**Administrativo/a, vacante, Benestar Social: ESCARIZ COVELO A., \*\*\*2729\*\***

### III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### IV. - Proposta de gasto

Consta informe técnico de data 21.08.2026 sobre a cuantificación económica que recolle o seguinte:

*"Solicitado informe sobre cuantificación económica do custo que supón o nomeamento como persoal interino de un Administrativo/a no servizo de Benestar Social, informase No ano 2026 as retribución anual do posto de Administrativo/a có incremento do 1,5%, contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, serán:*

|                                           |                    |
|-------------------------------------------|--------------------|
| <i>Retribucións Básicas:</i>              | <i>12.364,40 €</i> |
| <i>Complemento de Destino (Nivel 19):</i> | <i>7.307,16 €</i>  |
| <i>Complemento Específico:</i>            | <i>11.851,28 €</i> |
| <i>Estimación Seguridade social:</i>      | <i>8.337,79 €</i>  |

*Estas retribucións estarán vixentes ata final do exercicio 2026.*

*A partir do ano 2027 os custes dun posto de Administrativo, co incremento do 4,5%, e a consolidación do 0,5% do incremento do IPC de 2026, contemplado para o ano 2027 no Acordo Marco pola Mellora do Emprego Público e o Servizo a Cidadanía:*

|                                           |                    |
|-------------------------------------------|--------------------|
| <i>Retribucións Básicas:</i>              | <i>12.984,50 €</i> |
| <i>Complemento de Destino (Nivel 19):</i> | <i>7.673,87 €</i>  |
| <i>Complemento Específico:</i>            | <i>13.049,78 €</i> |
| <i>Estimación Seguridade social:</i>      | <i>8.915,81 €</i>  |

"

### V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

### V. - Órgano municipal competente.



De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e da Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación nos termos das delegacións competenciais efectuadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.11.2025.

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de administrativo/a (C1) con cargo a vacante no Servizo de Benestar Social a:

**ESCARIZ COVELO A., \*\*\*2729\*\***

- Categoría profesional: Administrativo (C1)
- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Destino: Servizo Benestar Social.
- Período temporal: ata a cobertura do posto - letra a) do artigo 10.1 do TREBEP-, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal, e ao Servizo de Benestar Social, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(739).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 1466/1102.** Sométese a aprobación a proposta de data 25/08/2026, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

Visto escrito do grupo municipal do Partido Popular núm rexistro pleno 4418-110 de data 14.05.2024 e posterior de data 26.09.2024 no que solicita a designación de Dna Luisa María Sánchez Méndez como titular e, don Fernando González Abeijón como suplente no Consello de Administración do Consorcio trala renuncia ao cargo de concelleira Dna. Marta Fernández-Tapias Nuñez.

De conformidade cos artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo (DOG n.º 246, do 27/12/2012) a Xunta de Goberno local en sesión de data 14.07.2023 designou como representantes do Concello de Vigo polo Grupo municipal do Partido Popular no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo a Dna. Marta Fernández-Tapias Nuñez (titular) e Dna Luisa María Sánchez Méndez (suplente).

A vista da solicitude do grupo municipal do PP e de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía somete a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo polo Grupo municipal do Partido Popular a Dna Luisa María Sánchez Méndez como titular e don Fernando González Abeijón como suplente

**Segundo.-** Comunicar este acordo ao Consorcio Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo no Portal de Transparencia Municipal.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(740).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 A -2 DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2625/441.**

Visto o informe xurídico do 27/07/2026 e o informe de fiscalización do 18/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/06/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 10.07.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa NORTAP INGENIEROS S.L.

2.- A dita mercantil presenta, trala fase de supervisión, proxecto para a “MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 E -2 DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ramón Docampo Alonso.



**3.-** Previo informe da enxeñeira técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día 07.04.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 20.04.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 24.04.2026 aprobou o proxecto para a “MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 E -2 DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (463.468,22 €) e asinado dixitalmente o día 6 de abril de 2026. Expte. 6606-443.

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 09.01.2026 que se corresponde co expediente administrativo 6606-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ramón Docampo Alonso.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 06.05.2026.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 06.05.2026.
- D) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 07.04.2026.
- E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 07.05.2026.
- F) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 11.05.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.05.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor do día 10.06.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.06.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.06.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.





## Concello de Vigo

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 07.04.2026) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobado o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das proxectos para a “MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 E -2 DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo enxeñeiro técnico Industrial Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (463.468,22 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

|      |              |
|------|--------------|
| 2026 | 263.468,22 € |
| 2027 | 200.000,00 € |

**Segundo.-** Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.06.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330 632 00 41 – proxecto de gasto 25933041 (Mellora instalacións ventilación casa Consistorial)- por importe de 263.468,22 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 9330 632 00 41, crédito por importe de 200.000,00 €.



**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 75,91 %.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(741).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA, CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 2639/441.**

Visto o informe xurídico do 12/08/2026 e o informe de fiscalización do 21/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** O concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos o día 24.02.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

**2.-** O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión, proxecto de “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA, CONCELLO DE VIGO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (724.637,98 €) .

**3.-** Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día 17.04.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 20.04.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 24.04.2026, aprobou o proxecto de “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA, CONCELLO DE VIGO”, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (724.637,98 €) e asinado dixitalmente o día 16 de abril de 2026 (Expte. 6769-443).

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 24.04.2026 que se corresponde co expediente administrativo 6769-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 20.05.2026.





## Concello de Vigo

- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 20.05.2026.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 22.05.2026.
- E) Certificados de retención de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 26.05.2026.
- F) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 17.04.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 16.06.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 16.06.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.07.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.07.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 17.04.2026) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento 2025 e que non



afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do o proxecto de “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA, CONCELLO DE VIGO”, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (724.637,98 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

|             |                     |
|-------------|---------------------|
| <b>2026</b> | <b>524.637,98 €</b> |
| <b>2027</b> | <b>200.000,00 €</b> |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.07.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420 6320003 – proxecto de gasto 25342003 (Mellora inst. do complexo deportivo da Madroa) - por importe de 524.637,98 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 3420 6320003, crédito por importe de 200.000,00 €.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(742).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN AS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTES CENTRO, ESTE E SUR, FASE 1”. EXPTE. 2646/441.**





## Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 06/08/2026 e o informe de fiscalización do 18/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- A Xunta de Goberno Local na sesión do día 7 de novembro de 2025, acordou entre outros:

“Adxudicar a CONTROL Y GEOLOGÍA, SA. – CYGSA o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo” (2212-441) por un prezo total do contrato de 127.181,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.072,89 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2.- A empresa CONTROL Y GEOLOGÍA, SA. – CYGSA presenta trala fase de supervisión, proxectos de de execución das obras de:

- “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA CENTRO FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE MIL NOVENTA E UN EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.520.091,49 €). Expte. 6990-443.
- “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA ESTE FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVECIENTOS SETENTA MIL NOVECIENTOS VINTE E CATRO EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (970.924,82 €). Expte. 7022-443.
- “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA SUR FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (877.298,79 €). Expte 7025-443.

3.- Previos informes da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal dos días 25.03.2026, 27.04.2026 e 12.05.2026, e os pertinentes informes xurídicos con proposta de resolución asinados os días 26.03.2026, 29.04.2026 e 12.05.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesións dos días 06.04.2026, 04.05.2026 e 15.05.2026 respectivamente, aprobou os seguintes proxectos de execución das obras de:



- “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA CENTRO FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE MIL NOVENTA E UN EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.520.091,49 €). Expte. 6990-443.
- “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA ESTE FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVECIENTOS SETENTA MIL NOVECIENTOS VINTE E CATRO EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (970.924,82 €). Expte. 7022-443.
- “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. ZONA SUR FASE 1”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (877.298,79 €). Expte 7025-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Os proxectos obxecto do expediente aprobados pola XGL na sesión que tivo lugar os días 06.04.2026, 04.05.2026 e 15.05.2026 respectivamente, que se corresponden cos expedientes administrativos 6990-443, 7022-443 e 7025-443, e que inclúen Pregos de Prescricións Técnicas redactados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Rambla Segura.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.06.2026.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 15.06.2026.
- D) Declaracións de neutralidade do redactor dos proxectos asinadas os días 25.03.2026, 27.04.2026 e 11.05.2026.
- E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 17.06.2026.
- F) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable o día 18.06.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 29.06.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 15.05.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 30.06.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 30.06.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS





## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informes da oficina de supervisión de proxectos dos días 25.03.2026, 27.04.2026 e 12.05.2026) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTES CENTRO, ESTE E SUR, FASE 1”, cun importe de licitación que ascende a un total de CATRO MILLÓNS TRESCENTOS SESENTA E OITO MIL TRESCENTOS QUINCE EUROS con OITOCENTOS CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS con DEZ CÉNTIMOS (4.368.315,10 €):

|  | Lote Centro | Lote Este | Lote Sur | Total |
|--|-------------|-----------|----------|-------|
|--|-------------|-----------|----------|-------|



|                 |                       |                     |                     |                       |
|-----------------|-----------------------|---------------------|---------------------|-----------------------|
| Importe Sen IVE | 2.082.720,24 €        | 802.417,21 €        | 725.040,32 €        | 3.610.177,77 €        |
| IVE             | 437.371,25 €          | 168.507,61 €        | 152.258,47 €        | 758.137,33 €          |
| <b>TOTAL</b>    | <b>2.520.091,49 €</b> | <b>970.924,82 €</b> | <b>877.298,79 €</b> | <b>4.368.315,10 €</b> |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 30.06.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a importe máximo de CATRO MILLÓNS TRESCENTOS SESENTA E OITO MIL TRESCENTOS QUINCE EUROS con OITOCENTOS CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS con DEZ CÉNTIMOS (4.368.315,10 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 758.137,33 €, segundo a seguinte distribución de anualidades:

|             | Lote Centro    | Lote Este    | Lote Sur     | Total                 |
|-------------|----------------|--------------|--------------|-----------------------|
| <b>2026</b> | 2.520.091,49 € | 970.924,82 € | 877.298,79 € | <b>4.368.315,10 €</b> |

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 619 00 59 (Plan rev. firmes viario municipal), proxecto de gasto 25153259, segundo a distribución de anualidades proposta.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(743).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA O “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”. EXPTE. 2647/441.**

Visto o informe xurídico do 12/08/2026 e o informe de fiscalización do 21/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 31 de outubro de 2025 acordou aprobar o





## Concello de Vigo

proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez – Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), e asinado dixitalmente o día 22 de setembro de 2025 (Expte. 6685-443).

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 27 de marzo de 2026, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez- Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €). Expte. 2493-441.

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 15 de maio de 2026, por non terse presentado ningunha proposición.

3.- A vista do exposto, por parte dos redactores presentase a actualización do proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (796.993,31 EUROS).

4.- Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal do día 18.05.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 19.05.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 22.05.2026 aprobou a ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA O “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (796.993,31 EUROS), a asinado dixitalmente o día 18 de maio de 2026. Expte.7047-443.

5.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 22.05.2026 que se corresponde co expediente administrativo 7047-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.06.2026.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 15.06.2026.



- D) Declaración de neutralidade dos redactores do proxecto asinada o día 18.05.2026.
- E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 29.06.2026.
- F) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 29.06.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 03.07.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 03.07.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 28.07.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 28.07.2026.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 18.05.2026) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).





## Concello de Vigo

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras da actualización do proxecto e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (796.993,31 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

|              |                     |
|--------------|---------------------|
| 2026         | 620.000,00 €        |
| 2027         | 176.993,31 €        |
| <b>TOTAL</b> | <b>796.993,31 €</b> |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241), e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 28.07.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420.6320013 (SUBSTITUCIÓN TERREO XOGO E ILUMINACIÓN C.F SAMIL), proxecto de gasto 26342013, por importe de 620.000,00 € (250.000 € procedentes de créditos de remanentes e 370.000 € procedentes de crédito de corrente) e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 3420.6320013, crédito por importe de 176.993,31 €

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## **20(744).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS (PES) PARA O PERÍODO 2027-2029. EXPTE. 470/143.**

Visto o informe xurídico do 10/08/2026 e o informe de fiscalización do 14/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/07/2026, asinado polo tesooureiro municipal e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

Por Resolución conxunta das Concellerías das Áreas de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e a de Orzamentos e Facenda de data 15 de maio de 2026, impulsouse a formación e redacción do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2027-2029. O PES configúrase como un instrumento de planificación e xestión pública de carácter programático, cuxa finalidade é disciplinar a actividade de fomento baixo os principios de transparencia, eficiencia e estrito cumprimento das regras fiscais.

De acordo co artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a actuación das Administracións Públicas debe respectar o principio de planificación, dirección por obxectivos e avaliación de resultados. Así mesmo, o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece a obrigatoriedade de concretar nun PES os obxectivos, prazos, custos e fontes de financiamento da actividade subvencional.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo determinou de xeito reiterado que a ausencia ou omisión do Plan Estratéxico de Subvencións non é un simple defecto formal, senón unha carencia fundamental que vicia de nulidade de pleno dereito as convocatorias e o procedemento de gasto:

- **STS do 4 de decembro de 2012 (Recurso 730/2012):** Establece que o PES é un presuposto de legalidade esencial e non un documento meramente descritivo.
- **STS do 26 de xuño de 2012 (Recurso 453/2011):** Determina que a súa ausencia vicia de nulidade a convocatoria para garantir que o gasto non sexa arbitrario.
- **STS do 16 de abril de 2013 (Recurso 121/2012):** Reitera a doutrina da nulidade radical, subliñando o carácter básico do artigo 8.1 da LXS para todas as administracións.
- **STS do 21 de xullo de 2015 (Recurso 214/2014):** Aclara que constitúe un instrumento de planificación política e transparencia para acreditar o obxectivo de utilidade pública real.

En cumprimento destas directrices e do Real Decreto 130/2019, o presente Plan publicarase no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e no Portal de Transparencia municipal. De acordo co previsto no artigo 12.3 do RXS, o PES ten carácter programático; carece de rango normativo e a súa aprobación non xera dereitos nin obrigas por si mesma para a Administración fronte a terceiros. A súa eficacia operativa queda supeditada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e á posterior aprobación das Bases Reguladoras e a pertinente convocatoria pública.





## Concello de Vigo

Proposta á Xunta de Goberno Local

Unha vez elaborado o documento técnico e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobado o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vigo para o período 2027-2029.

### ÍNDICE DE CONTIDO DO PLAN (2027-2029)

#### I. Introducción e marco competencial

O Concello de Vigo asume o compromiso constitucional de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, exercendo as competencias atribuídas pola Lei 7/1985 (LBRL). O Goberno de Vigo sitúa como prioridade absoluta a mellora integral da calidade de vida, concibindo este plan como unha ferramenta de gobernanza colaborativa deseñada para construír unha cidade máis inclusiva, resiliente e participativa onde ninguén quede atrás.

#### II. Consideracións xerais e Estabilidade Orzamentaria

As subvencións enténdense como disposicións dinerarias realizadas sen contraprestación directa, suxeitas ao cumprimento dun obxectivo singular de utilidade pública ou interese social de competencia municipal. A xestión dos recursos rexerase polos principios de legalidade, publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, eficacia e eficiencia.

A execución financeira do PES queda estritamente supeditada ás magnitudes derivadas do Orzamento Municipal, respectando os límites de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e o teito de gasto non financeiro (Art. 30 LOEPSF). O crecemento das partidas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española (TRCPIB).

#### III. Ámbito subxectivo

O Plan esténdese de forma transversal a toda a actividade de fomento da Administración Xeral do Concello (todas as súas áreas e concellerías) e aos seus entes dependentes con facultade para outorgar axudas:

- Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).
- Fundacións Públicas Municipais (Fundación MARCO, Fundación LISTE e Vigo Convention Bureau).
- Calquera nova entidade que se incorpore ao sector público local durante o período 2027-2029.

#### IV. Ámbitos excluídos do PES

Para evitar a fragmentación administrativa e duplicidades procedementais, quedan fóra do ámbito do PES:



1. **Área Social (Art. 29 da Lei 9/2007 de Galicia):** As prestacións de dereito e asistenciais destinadas a paliar situacións de emerxencia social ou dependencia (RISGA, axudas de emerxencia social urxentes, axuda no fogar, comedor ou libros de texto). *Nota:* Co fin de garantir a máxima transparencia unificada de cidade, O PES especifica as axudas asistenciais que non son competitivas.
2. **Exclusións legais (LXS):** Dotacións de funcionamento aos grupos políticos municipais, subvencións electorais e beneficios ou bonificacións fiscais.
3. **Relacións Contractuais e Patrimoniais:** Contratación pública suxeita á LCSP e indemnizacións por responsabilidade patrimonial.
4. **Fluxos internos e transferencias de financiamento:** Achegas económicas internas a entes instrumentais (XMU, EMVIGO, Consorcio Casco Vello) ou fundacións vinculadas.
5. **Achegas interadministrativas obrigatorias:** Transferencias á Mancomunidade, Área Metropolitana de Vigo ou ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.
6. **Premios e urxencias:** Premios honoríficos sen actividade de fomento previa e axudas de urxencia inmediata por catástrofe.
7. **Transporte público:** O sistema de transporte público urbano e descontos na tarifa (PassVigo), ao tratarse de subvencións á tarifa e compensación polo custo do servizo sen concurso.

#### V. Eixes Estratéxicos unificados e liñas de actuación

Todos os programas de fomento adscribíense exclusivamente a un dos seguintes cinco eixes oficiais:

- **Eixe 1: Inclusión social e atención á vulnerabilidade**
  - *Liña 1.1:* Cobertura de necesidades vitais (alimentación, vivenda, enerxía).
  - *Liña 1.2:* Autonomía e coidados (dependencia, discapacidade).
  - *Liña 1.3:* Inclusión activa (persoas sen fogar, exclusión).
  - *Liña 1.4:* Cooperación e solidariedade internacional.
- **Eixe 2: Igualdade, educación e ciclo vital**
  - *Liña 2.1:* Igualdade de oportunidades e prevención de violencia de xénero.
  - *Liña 2.2:* Educación, talento e bolsas de estudo.
  - *Liña 2.3:* Dinamización da mocidade e infancia.
  - *Liña 2.4:* Envellecemento activo e maiores.
- **Eixe 3: Dinamización económica, emprego e innovación**





## Concello de Vigo

- *Liña 3.1:* Emprego, formación e inserción laboral.
- *Liña 3.2:* Emprendemento e economía social/circular.
- *Liña 3.3:* Sectores estratéxicos (comercio, hostalaría, industria).
- **Eixe 4: Cultura, deporte e acción asociativa**
  - *Liña 4.1:* Promoción cultural e normalización lingüística do galego.
  - *Liña 4.2:* Deporte base e de elite.
  - *Liña 4.3:* Acción asociativa e movemento veciñal.
- **Eixe 5: Sostibilidade, territorio e proxección de cidade**
  - *Liña 5.1:* Rehabilitación, accesibilidade e patrimonio histórico.
  - *Liña 5.2:* Medio ambiente e espazos públicos saudables.
  - *Liña 5.3:* Mobilidade sostible e promoción exterior de cidade.

### VI. Áreas de responsabilidade política e xestión (2027-2029)

A estrutura de xestión organízase a través dos seguintes centros de responsabilidade:

| Área de Goberno                                             | Ámbito de actuación e liñas PES                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Alcaldía</b>                                             | Accións transversais. <i>Liña 1.4</i> (Cooperación) e <i>Liña 5.3</i> (Representación e proxección).                                                 |
| <b>Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade</b>            | Identidade e dereitos. <i>Liña 4.1</i> (Cultura), <i>Liña 2.1</i> (Igualdade) e <i>Liña 5.1</i> (Patrimonio).                                        |
| <b>Fomento, Servizos e Deportes</b>                         | Infraestrutura humana e mobilidade. <i>Liña 4.2</i> (Deportes) e <i>Liña 5.3</i> (Mobilidade sostible).                                              |
| <b>Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Lingua</b>  | Sostibilidade e coñecemento. <i>Liña 5.2</i> (Naturaleza), <i>Liña 2.2</i> (Educación), <i>Liña 4.1</i> (Galego) e Fondos UE.                        |
| <b>Urbanismo e Vivenda</b>                                  | Hábitat e accesibilidade. <i>Liña 5.1</i> (Rehabilitación urbana) e <i>Liña 1.1</i> (Vivenda e ascensores).                                          |
| <b>Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía, Turismo e Xuventude</b> | Desenvolvemento económico. <i>Liñas 3.1 e 3.2</i> (Emprego/Innovación), <i>Liña 5.3</i> (Turismo/Cíes) e <i>Liña 2.3</i> (Xuventude).                |
| <b>Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal</b> | Servizos á cidadanía. <i>Liña 4.3</i> (Antroido e festas tradicionais centralizadas).                                                                |
| <b>Política Social e Participación Cidadá</b>               | Benestar e tecido asociativo. <i>Liñas 1.1, 1.2 e 1.3</i> (Emerxencia/Dependencia), <i>Liña 2.4</i> (Maiores) e <i>Liña 4.3</i> (Movemento veciñal). |



| Área de Goberno                                 | Ámbito de actuación e liñas PES                                                                                                     |
|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Orzamentos e Facenda                            | Control financeiro. <i>Transversal</i> (Seguimento orzamentario e BDNS) e <i>Liña 3.3</i> (Apoio fiscal).                           |
| Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais | Dinamización urbana. <i>Liña 3.3</i> (Comercio/Hostalaría), <i>Liña 4.3</i> (Nadal/Reconquista) e <i>Liña 5.2</i> (Espazos verdes). |

## VII. Procedemento de concesión e modalidades

A actividade de fomento canalízase a través de catro modalidades:

1. **Concorrenza competitiva (Procedemento Ordinario):** Baseado na comparación de solicitudes nun único procedemento aplicando criterios obxectivos e públicos.
2. **Concorrenza non competitiva (Réxime Aberto):** Axudas outorgadas por orde de entrada ou cumprimento de requisitos sen comparar solicitudes entre si, debido á súa natureza social ou de autoemprego.
3. **Subvencións nominativas:** Consignadas con nome e contía específica no Orzamento. Teñen carácter ríxido e esixen unha Memoria Xustificativa (idoneidade, imposibilidade de concorrencia e aliñamento estratéxico).
4. **Concesión directa excepcional:** Procedemento residual para supostos específicos onde estean acreditadas razóns de interese público, social, económico ou humanitario (Art. 22.2.c LXS), exixindo resolución motivada.

## VIII. Sistema de seguimento, indicadores e mellora técnica

Para evitar a sobrecarga de traballo dos servizos técnicos municipais, establécese un mecanismo de desprazamento e automatización do dato:

**Instrución operativa:** As Bases Reguladoras ou Convenios incluírán obrigatoriamente un cadro de datos cuantitativos que o beneficiario debe cubrir ao xustificar (N.º de usuarios, N.º de mulleres, N.º de empregos). O técnico municipal limitárase a validar estes datos numéricos e criticalos nunha folla Excel centralizada para alimentar de xeito automático o Sistema de Indicadores.

A) Indicadores de Xestión Operativa (10 transversais obrigatorios ao remate de cada exercicio):

1. **% de Execución orzamentaria:** (Credito Gastado/Crédito Inicial)×100.
2. **N.º de solicitudes:** Total de persoas ou entidades que solicitaron a axuda.
3. **N.º de beneficiarios:** Total de persoas ou entidades que recibiron a axuda.
4. **N.º de denegacións:** Total de persoas cuxa axuda foi denegada.





## Concello de Vigo

5. **% de Obxectivos cumpridos:** Estimación porcentual do logro da finalidade social.
6. **% de financiación Concello:** Contía que financia o Concello en relación co proxecto.
7. **Custo medio por beneficiario:** Total Linª/N.º Beneficiarios.
8. **Grao de publicidade:** Verificación da inserción de logos e recoñecemento do apoio municipal.
9. **Índice de igualdade:** % de mulleres beneficiarias ou proxectos con perspectiva de xénero.
10. **% expedientes electrónicos:** Expedientes tramitados 100% de forma electrónica.

B) Indicadores de impacto estratéxico (Deseño de métricas específicas por eixe):

Os centros xestores seleccionarán, dependendo do seu eixe, os indicadores recollidos no corpo técnico do Plan (tales como fogares con necesidades vitais cubertas, taxa de éxito escolar en bolseiros, postos de traballo mantidos, asistentes a eventos culturais ou barreiras arquitectónicas eliminadas) para avaliar cientificamente se o investimento público logrou o retorno social desexado ou se procede a súa modificación ou extinción.

**SEGUNDO.-** Aprobar a relación de Plans Estratéxicos individuais por áreas e programas orzamentarios asociados para o trienio 2027-2029:

Cadro resumo de Plans por Servizos de xestión

| Áreas / Servizos de Xestión            | Nº de Plans | Programas Orzamentarios Asociados                            |
|----------------------------------------|-------------|--------------------------------------------------------------|
| Urbanismo                              | 1           | 1510 (Urbanismo: xestión e planeamento)                      |
| Benestar Social                        | 4           | 2310 (Acción Social)                                         |
| Igualdade                              | 4           | 2311 (Promoción da Igualdade)                                |
| Emprego                                | 5           | 2410 (Fomento do Emprego)                                    |
| Educación                              | 3           | 3230, 3231 e 3260 (Servizos complementarios de educación)    |
| Cultura                                | 3           | 3330, 3331 e 3340 (Museos, bibliotecas e promoción cultural) |
| Xuventude                              | 2           | 3370 (Xuventude)                                             |
| Festas                                 | 1           | 3380 (Festas populares e festexos)                           |
| F.Especiais<br>/Gastronómicas/C.Festas | 1           | 4310 (Comercio). Inclúe delegacións 3380,                    |
| Comercio                               | 1           | 4310 , fomento actividade comercial                          |
| Distritos                              | 1           | 4310, inclúe as delegacións: 3360 e 9120                     |



| Áreas / Servizos de Xestión | Nº de Plans | Programas Orzamentarios Asociados                             |
|-----------------------------|-------------|---------------------------------------------------------------|
| <b>Turismo</b>              | 3           | 4320 (Turismo)                                                |
| <b>Deportes</b>             | 4           | 3410 , 3420 (Promoción e fomento do deporte, Inst.deportivas) |
| <b>Transportes</b>          | 1           | 4412 (Transporte de viaxeiros)                                |
| <b>Participación Cidadá</b> | 2           | 9240 (Participación cidadá)                                   |

#### Cadro de Previsións Económicas do PES (2027-2029)

As contías para o primeiro ano (2027) teñen como referencia obrigatoria o Proxecto de Orzamento 2027, consignándose por capítulos de gasto de forma segregada (Capítulo 4 para transferencias correntes e Capítulo 7 para capital):

| Áreas / Servizos                       | Capítulo | Eixe Estratéx. | Liña acción | Previs. 2027 (€) | Previs. 2028 (€) | Previs.2029 (€) |
|----------------------------------------|----------|----------------|-------------|------------------|------------------|-----------------|
| <b>Área Social, Benestar Social(1)</b> | 4        | 1              | 1.1         | 471.685,00       | 471.685,00       | 471.685,00      |
| <b>Área Social, Benestar Social</b>    | 4        | 1              | 1.2         | 448.000,00       | 448.000,00       | 448.000,00      |
| <b>Área Social, Benestar Social</b>    | 4        | 1              | 1.4         | 142.000,00       | 142.000,00       | 142.000,00      |
| <b>Área Social, Benestar Social</b>    | 4        | 1              | 1.5         | 251.951,00       | 251.951,00       | 251.951,00      |
| <b>Área Social, Benestar Social</b>    | 7        | 1              | 1.1         | 50.000,00        | 50.000,00        | 50.000,00       |
| <b>Igualdade (9)</b>                   | 4        | 2              | 2.1         | 520.800,00       | 520.800,00       | 520.800,00      |
| <b>Comercio</b>                        | 4        | 3              | 3.3         | 200.000,00       | 200.000,00       | 200.000,00      |
| <b>Festas C. de Festas</b>             | 4        | 4              | 4.3         | 500.000,00       | 500.000,00       | 500.000,00      |
| <b>Cultura (2)</b>                     | 4        | 4              | 4.1         | 2.167.000,00     | 1.937.700,00     | 1.937.700,00    |
| <b>Distritos (3)</b>                   | 4        | 4              | 4.1         | 95.000,00        | 95.000,00        | 95.000,00       |
| <b>Distritos (3)</b>                   | 4        | 5              | 5,1         | 250.000,00       | 250.000,00       | 250.000,00      |
| <b>Deportes (4)</b>                    | 4        | 4              | 4.2         | 3.749.000,00     | 3.749.000,00     | 3.609.000,00    |
| <b>Deportes</b>                        | 7        | 4              | 4.2         | 635.000,00       | 335.000,00       | 335.000,00      |
| <b>Educación (5)</b>                   | 4        | 2              | 2.2         | 817.405,31       | 817.405,31       | 817.405,31      |
| <b>Educación</b>                       | 4        | 2              | 2.3         | 40.000,00        | 40.000,00        | 40.000,00       |
| <b>Emprego</b>                         | 4        | 3              | 3.1         | 1.830.000,00     | 1.830.000,00     | 1.830.000,00    |
| <b>Emprego</b>                         | 4        | 3              | 3.3         | 40.000,00        | 40.000,00        | 40.000,00       |





## Concello de Vigo

| Áreas / Servizos             | Capítulo | Eixe Estratéx. | Liña acción | Previs. 2027 (€)     | Previs. 2028 (€)     | Previs.2029 (€)      |
|------------------------------|----------|----------------|-------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| Festas                       | 4        | 4              | 4.3         | 97.000,00            | 97.000,00            | 97.000,00            |
| Festas Especiais/Gastro. (6) | 4        | 4              | 4.3         | 198.000,00           | 198.000,00           | 198.000,00           |
| Participación Cidadá (11)    | 7        | 4              | 4.3         | 717.733,83           | 717.733,83           | 717.733,83           |
| Participación Cidadá         | 4        | 4              | 4.3         | 465.230,00           | 465.230,00           | 465.230,00           |
| Turismo (7)                  | 4        | 3              | 3.3         | 485.000,00           | 485.000,00           | 485.000,00           |
| Urbanismo (8)                | 7        | 5              | 5.1         | 3.010.000,00         | 3.010.000,00         | 3.010.000,00         |
| Transportes (10)             | 4        | 5              | 5.3         | 25.000,00            | 25.000,00            | 30.000,00            |
| Xuventude                    | 4        | 2              | 2.3         | 164.000,00           | 164.000,00           | 164.000,00           |
| <b>TOTAL TOTAL PES</b>       |          |                |             | <b>17.369.805,14</b> | <b>16.840.505,14</b> | <b>16.705.505,14</b> |

Para unha correcta interpretación, cómpre detallar as exclusións e especificacións aplicadas por cada área conforme á Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e á natureza dos fondos:

- **(1) Área Social:** En virtude do Artigo 2.2.a) da Lei 9/2007 (na redacción dada pola Lei 4/2021), as axudas asistenciais teñen a consideración de prestacións e non de subvencións, polo que **quedan excluídas do PES** (Becas de comedor e libros: 2,264488M€/ano; Emerxencia/desafiuzamentos: 1,3M€/ano; Xantar na casa: 167,9k€/ano; Centros de día, transferencia autonómica: 350 k€; o Servizo non fai unha desagregación entre as subvencións e as axudas asistenciais, estas últimas son as axudas de desafiuzamentos, becas de comedor e libros e o Convenio xantar na casa, que non se inclúen nas contías do PES. A contía das axudas asistenciais son: liña 1.1, 3.914.488 euros. Na mesma liña, o convenio Xantar na Casa por unha contía de 167.900 euros.
- **(2) Cultura:** Exclúense as transferencias nominativas de financiamento ás Fundacións: MARCO, LISTE, LAXEIRO (1,147M€/ano).
- **(3) Distritos:** O servizo tramitador, no seu PES, no convenio co Bispado, programa 3360. a contía que achega é de 250k€ e no programa de Semana Santa e Cristo da Victoria, a contía que achega é de 95k€. O orzamento prevé respectivamente 220k€ e 92k€, polo que, sendo a prevalencia a do Orzamento, o PES contén este exceso de dotación.
- **(4) Deportes:** Exclúese a transferencia de financiamento á Fundación VIDE (150k €/ano).
- **(5) Educación:** As axudas vincúlanse maioritariamente a organismos públicos e FOANPA. Exclúense o convenio coa UNED (225k€/ano) e a achega ao Consorcio Galego de Igualdade por non ter natureza de subvención de fomento competitiva (205,5k€/ano).
- **(6) Festas Especiais/gastronómicas:** Inclúense a Reconquista de Vigo e programas gastronómicos.



- **(7) Turismo:** Exclúese a transferencia á Fundación VCB ( 500k €)/ano.
- **(8) Urbanismo:** O PES do Organismo Autónomo XMU, debe ter o seu reflexo orzamentario no proxecto do Organismo. A contía do PES, ten un financiamento do 15% con cargo ao Orzamento do Organismo e do 85% con recursos de outras Administracións. En canto á Entidade Matriz, exclúese a transferencia ao Consorcio do Casco Vello (CCVV) por importe de 195,6284k€ e a da XMU por unha contía de 6,55M€/ano 2027.
- **(9) Igualdade:** Está incluída na contía o Convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polo importe de 241k €.
- **(10) Transporte:** Non está incluído a subvención aos usuarios do TUC segundo perfís, que ascende a 21M€ no ano 2027.
- **(11) Participación cidadá solicita no PES,** na aplicación 9240/7800010 a contía de 717,73383k€. O orzamento prevé nesa mesma aplicación 550k€, polo que, sendo a prevalencia a do Orzamento, o PES contén este exceso de dotación, deixando aberta a posibilidade de que o Orzamento 2028-2029, poida incrementar esa contía até o límite do PES.
- **Alcaldía,** non forman parte do PES: Cuota FEMP, FEGAMP, Eixo Atlántico, Fundación ProVigo, Grupos Políticos, Subvencións internacionais e razóns humanitarias e Subvención para fins benéficos.

As contías excluídas do PES por razón de suxeito ou finalidade son:

| Área Xestora    | Importes excluídos |
|-----------------|--------------------|
| Benestar social | 4.082.388,00       |
| Cultura         | 1.147.000,00       |
| Deportes        | 150.000,00         |
| Educación       | 430.500,00         |
| Turismo         | 500.000,00         |
| Urbanismo       | 6.745.628,40       |
| Transporte      | 21.000.000,00      |
| Alcaldía        | 346.100,00         |
| Total           | 34.401.616,40      |

**TERCEIRO.-** En cumprimento do artigo 6 da Lei 19/2013 de Transparencia, o texto íntegro do Plan estará dispoñible de xeito proactivo no Portal de Transparencia municipal. Así mesmo, remitirase de xeito obrigatorio e sistemático á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao Real Decreto 130/2019 para facilitar a fiscalización pública e evitar o solapamento de axudas.

**CUARTO.-** Aprobado o Plan, os responsables das áreas e servizos xestores farán constar de xeito preceptivo en toda proposta de bases ou convenios que a liña de fomento, a consignación orzamentaria, os obxectivos específicos e a modalidade de concesión están previstos no presente Plan Estratéxico vixente.

**QUINTO.-** Constituirase o Comité de Seguimento transversal dentro do primeiro trimestre do ano 2027, co obxecto de centralizar os datos operativos e elaborar a Memoria Anual de





## Concello de Vigo

Xestión no primeiro cuadrimestre de cada exercicio sucesivo. Dito Comité estará integrado por:

- **Presidencia:** O/A titular da Dirección de Orzamentos e Facenda.
- **Vogal de Control Interno:** Un representante da Intervención Xeral en funcións de asesoramento normativo.
- **Secretaría Técnica:** Un técnico do Servizo de Contabilidade ou Orzamentos encargado de centralizar as memorias.
- **Vogais de Áreas Xestoras:** Un representante das áreas que aglutinan o maior volume de gasto do PES: Benestar Social (Eixe 1), Fomento/Emprego (Eixe 3), Cultura/Deportes (Eixe 4) e un representante da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

**SEXTO.-** As variacións de crédito motivadas por incorporacións de remanentes, xeracións ou transferencias orzamentarias derivadas da xestión ordinaria consideraranse actualizacións non substanciais e non requirirán a modificación formal do PES, sempre que se manteña inalterado o obxecto e finalidade da liña de fomento. Pola contra, requirirá a aprobación expresa da Xunta de Goberno Local a introdución de novas liñas de fomento non previstas ou a alteración substancial do colectivo de beneficiarios.

**SÉTIMO.-** O PES formará parte da documentación que conforma o Orzamento anual, e as dotacións contidas no mesmo, serán as previstas no PES xuntamente coas modificacións que este tivese.

### ANEXO:

Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2027-2029)

Os PES que forman parte do Expediente e da súa aprobación correspóndese cos programas orzamentarios e Áreas de xestión seguintes:

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Urbanismo, programa 1510.  
Número de Plans Estratéxicos: 4 de Benestar Social, programa 2310  
Número de Plans Estratéxicos: 4 de Igualdade, programa 2311.  
Número de Plans Estratéxicos: 5 de Emprego, programa 2410.  
Número de Plans Estratéxicos: 3 de Educación, programa 3230, 3231, 3260.  
Número de Plans Estratéxicos: 3 de Cultura, programa 3330, 3331, 3340.  
Número de Plans Estratéxicos: 2 de Xuventude, programa 3370.  
Número de Plans Estratéxicos: 1 de Festas, programa 3380.  
Número de Plans Estratéxicos: 1 de Comercio, programa 4310,  
Número de Plans Estratéxicos: 1 Festas tradicionais (Reconquista), gastronómicas, programa 338  
Número de Plans Estratéxicos: 1 Distritos, programas 3360 e 9120  
Número de Plans Estratéxicos: 3 de Turismo, programa 4320  
Número de Plans Estratéxicos: 4 de Deportes, programas 3410, 3420.  
Número de Plans Estratéxicos: 1 Transportes, programa 4412  
Número de Plans Estratéxicos: 2 de Participación Cidadá, programa 9240.

### ACORDO



A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto por Colegio Los Milagros, S.L., contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto do servizo de xestión da Escola infantil municipal de Bembrive. Expte. 99420/332

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **21(745).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR COLEGIO LOS MILAGROS, SL, CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. EXPTE. 99420/332**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente. Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/08/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.





## Concello de Vigo

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de “Bembrive” (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de “Bembrive” (PPT).

### ANTECEDENTES

D. José Luis Rey Parente, en nome e representación da mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., (en diante, LOS MILAGROS ou o recorrente), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de agosto de 2026, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), de 7 de agosto de 2026, de adxudicación a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L. do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de “Bembrive”.

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

**Primeiro.-** En data 27 de febreiro de 2026, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo de xestión da escola infantil municipal de “Bembrive”, e acordou a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 5 de marzo de 2026 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixéndose como data final o 10 de abril as 23.59.

**Terceiro.-** Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. COLEGIO LOS MILAGROS, SL
2. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SAU

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación do Concello de Vigo (en diante, a Mesa), na súa sesión do 16 de abril de 2026, acordou admitir a todos os licitadores, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A continuación procedeu a apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Quinto.-** Na sesión da Mesa do 14 de maio de 2026, entrégase o informe asinado pola xefa do servizo de Educación o 5 de maio de 2026 de valoración do sobre B “proposición



avaliable mediante xuízo de valor”, o cal é aceptado polo Mesa. A continuación procedeuse, en acto público, a apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e acordouse solicitar informe do mesmo ao servizo xestor.

**Sexto.-** A Mesa, na sesión de 21 de maio de 2026, aceptou o informe de valoración do sobre C asinado pola xefa do servizo de Educación o 15 de maio, e formulou proposta de clasificación a concelleira delegada da área de Contratación.

**Sétimo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 21 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador                       | Puntuación total |
|---|---------------------------------|------------------|
| 1 | KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL | 98,00            |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, SL        | 77,72            |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 22 do mesmo mes e ano.

**Oitavo.-** Dentro do prazo concedido, KOALA presentou a documentación requirida. A Mesa, na sesión de 12 de xuño de 2026, unha vez cualificada a mesma, constata que carece de Plan de Igualdade vixente debidamente inscrito no Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, xa que o Plan que figura inscrito finalizou a súa vixencia o 17 de xaneiro de 2026 tal e como se desprende do propio rexistro e de escrito presentado pola propia licitadora. Á vista desta circunstancia, acorda *“entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artículo 71.1.d)), en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o mesmo día. COLEGIO LOS MILAGROS, SL, presenta a documentación dentro do prazo concedido ao efecto.

**Noveno.-** A Mesa, na sesión do 25 de xuño de 2026, acordou formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación.





## Concello de Vigo

**Décimo.-** En data 1 de xullo de 2026 KOALA interpón o recurso especial contra a súa exclusión deste procedemento ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACGAL ou o tribunal).

O TACGAL, en resolución nº 172/2026, estima parcialmente o recurso e acorda a *“anulación do acordo de exclusión impugnado e a retroacción do procedemento para que o órgano de contratación analice e se pronuncie de forma motivada sobre a fiabilidade do licitador recorrente”*.

A Mesa de Contratación, para dar cumprimento a esta resolución, acordou conceder un prazo de 3 días naturais para que a licitadora, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, aporte as probas que considere pertinente en relación as medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente.

A licitadora presenta documentación o 24 de xullo, antes do devandito requirimento, e unha vez notificado o mesmo, o 31 de xullo.

**Undécimo.-** A XGL, na sesión do 7 de agosto de 2026, á proposta da Mesa de contratación formulada na sesión de 6 de agosto de 2026, unha vez revisada a documentación achegada polo licitador primeiro clasificado, acordou a adxudicación a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L. do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de “Bembrive”.

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 10 do mesmo mes e ano.

**Duodécimo.-** En data 22 de agosto de 2026 COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra este acordo ante o TACGAL. O escrito foi presentado no Rexistro Xeral do Concello, que o remitiu ao tribunal.

**Décimo terceiro.-** O recurso foi admitido a trámite polo tribunal, que solicitou informe ao órgano de contratación o 25 de agosto de 2026.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da XGL de do 7 de agosto de 2026, de adxudicación procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de “Bembrive”(expediente 99420-332). O recorrente solicita a nulidade do acordo de adxudicación, a exclusión da adxudicataria por estar incurso en prohibición de contratar, a retroacción de actuacións ata o momento da clasificación de ofertas e a adxudicación ao seu favor deste procedemento.

-II-

#### Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil).



En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

### -III-

#### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.





**-IV-**

**Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.



**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

**D) Por último, respecto aos requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do Concello en data 22 de agosto de 2026. Dado que a adxudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 10 de agosto, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

### Motivos de impugnación da resolución recorrida

Colegio Los Milagros impugna a adxudicación do procedemento por dous motivos:

1. Falta de fiabilidade do licitador e carácter extemporáneo das medidas invocadas ao amparo da doutrina do “self-cleaning”.





## Concello de Vigo

2. Concorrencia da prohibición de contratar prevista no artigo 71.1.e) LCSP por falsidade na declaración responsable presentada pola adxudicataria.

Con carácter previo á análise dos motivos de impugnación procede recordar os antecedentes deste expediente:

KOALA foi a primeira clasificada. Máis no trámite do artigo 150.2 da LCSP non acreditou dispor do Plan de Igualdade esixible, polo que a Mesa de contratación acordou a súa exclusión, e solicitou a citada documentación ao seguinte clasificado, COLEGIO LOS MILAGROS. Unha vez presentada e cualificada pola Mesa, esta acordou propor a adxudicación deste procedemento á citada mercantil ao órgano de contratación, que a aprobou.

KOALA interpuxo recurso especial contra a súa exclusión ante o TACGAL, que estimou parcialmente o recurso na resolución nº 172/2026, e ordenou retrotraer as actuacións para que se lle dese a oportunidade de acreditar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente.

A Administración, en execución desta resolución, retrotraeu as actuacións ata o momento no que KOALA presentou a documentación requirida e concedeulle un prazo de tres días para que *“aporte as probas que considere pertinente en relación as medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente”*, tal e como esixe a citada resolución.

KOALA achega, en cumprimento deste requirimento, diversa documentación dirixida a acreditar, tanto as actuacións realizadas para a elaboración dun novo Plan de Igualdade, como a continuidade na aplicación das medidas de igualdade e, finalmente, a aprobación e inscrición do novo Plan.

En concreto, a documentación achegada comprende:

- Memoria de peche de 01/10/2025 como documento núm. 1; .
- Acta da 3º reunión de seguimento de 01/10/2025 como documento núm. 2;
- Comunicación de promoción da negociación de 27/2/2026 como documento núm. 3;
- Citación aos sindicatos para constituír a comisión negociadora o 6/3/2026 como documento núm. 4;
- Constitución da comisión negociadora con data 23/4/2026 e calendario como documento núm. 5;
- Certificado de empresa acreditativo da continuidade na aplicación do Plan de Igualdade ata a aprobación do novo como documento núm. 6;
- Acta da 1º reunión da comisión negociadora como documento núm. 7;
- Acta da 2º reunión da comisión negociadora como documento núm. 8;
- Acta da 3º reunión da comisión negociadora de data 30 de xuño de 2026 como documento núm. 9;
- Solicitudes recibidas polos traballadores e traballadoras da empresa para o acollemento a varias das medidas recollidas no Plan de Igualdade, que foron cursadas e aceptadas durante todo este ano 2026 como documento núm. 10, como proba de que a aplicación do plan de igualdade de KOALA SOLUCIÓNES EDUCATIVAS, S.L. foi efectiva e continua no tempo;
- Acta de firma do II Plan de Igualdade; como documento núm. 11;
- II Plan de Igualdade asinado con vixencia desde o 28 de xullo de 2026 ata o 27 de xullo de 2030, como documento núm. 12;



- Xustificante de rexistro en REGCON con fecha 30 de xullo, como documento núm. 13.

Para a súa valoración, o propio TACGAL estableceu expresamente que a análise debe atender, entre outras circunstancias, “*ás causas que impediron a correcta inscrición do Plan no REGCON, á actuación da empresa e ás medidas adoptadas*”, e advertiu que a conclusión sobre a fiabilidade non pode limitarse á falta de inscrición, porque esa é precisamente a causa que orixinou a prohibición.

A Mesa, á vista desta documentación, e tendo en conta as indicacións do tribunal para a súa valoración, acordou propoñer a adxudicación deste procedemento a favor de KOALA ao órgano de contratación, que a acordou o 7 de agosto de 2026.

Analizados os antecedentes, pasaremos a analizar as alegacións do recorrente.

1.- Falta de fiabilidade do licitador e carácter extemporáneo das medidas invocadas ao amparo da doutrina do “self-cleaning”

O recorrente estrutura este motivo en catro apartados. Dado que o contido dos mesmos se repite, analizaremos de modo global o seu contido.

Parte da inexistencia na data de presentación das ofertas dun Plan de Igualdade de KOALA, vixente e inscrito, posto que o anterior caducou o 17 de xaneiro de 2026. Por este motivo considera a falta de dilixencia deste licitador na renovación do plan, ao constituír tardiamente a comisión negociadora (23 de abril de 2026), cando o plan xa caducara. Afirma así mesmo que non existe ultraactividade nos plans de igualdade como pretende KOALA, polo que unha vez caducados non se poden seguir aplicando. Á vista destas circunstancias, considera improcedente a aplicación do mecanismo de autocorrección tal e como pretende o citado licitador.

O recurso xira en boa medida sobre a idea de que a aprobación do plan de KOALA é posterior á oferta e á adxudicación. Porén, este é un feito exento de controversia. Esa circunstancia constitúe precisamente o presuposto que determinou a súa exclusión inicial e que deu lugar ao anterior recurso especial. É certa a existencia dunha situación inicial de incumprimento pois o Plan foi aprobado o 28 de xullo de 2026. Pero precisamente a retroacción ordenada polo Tribunal ten por finalidade valorar as medidas de autocorrección adoptadas por KOALA, polo que haberá que analizalas e determinar se son suficientes e eficaces para restablecer a súa fiabilidade. O recorrente, en cambio, utiliza esa circunstancia para afirmar directamente que as medidas son extemporáneas e ineficaces.

Sostén que KOALA actuou de forma tardía e carente de dilixencia, ao coñecer desde o momento de aprobación do anterior Plan a data na que remataría a súa vixencia e non ter, segundo a súa consideración, iniciado con anterioridade a negociación dun novo Plan.

No entanto, a documentación achegada por KOALA permite apreciar unha secuencia de actuacións máis ampla que a que se desprende da exposición realizada pola recorrente. En particular, consta unha Memoria de peche do plan anterior de data 1 de outubro de 2025, requisito indispensable para iniciar a negociación do seguinte. Así como unha comunicación de promoción da negociación do novo Plan de Igualdade de 27 de febreiro de 2026 e unha citación aos sindicatos para a constitución da comisión negociadora de 6 de marzo de 2026, que demostra proactividade ao iniciar a promoción da negociación. Posteriormente, consta a





## Concello de Vigo

constitución efectiva da comisión negociadora o 23 de abril de 2026, así como a celebración de sucesivas reunións de negociación ata a aprobación do II Plan de Igualdade. Esta secuencia documental debe ser valorada na súa integridade e non unicamente atendendo á data de constitución da comisión negociadora. En particular, proba que as medidas de igualdade mantivéronse vixentes e aplicáronse de forma real e sen solución de continuidade aos traballadores durante todo o ano 2026, o que evidencia que o PI anterior mantívose en vigor de facto ata a negociación do novo. Todos estes datos deben ser tidos en conta ao analizar a actuación da empresa, en cumprimento do mandato do TACGAL. E así o fixo o órgano de contratación, que considerou que KOALA acreditou a súa fiabilidade, e polo tanto acordou adxudicarlle o procedemento. Nesta liña, a recente doutrina dos órganos administrativos encargados da resolución dos recursos administrativos especiais, é unánime ao considerar que:

- Previamente a declarar a exclusión, cando se aprecie a existencia dunha prohibición para contratar, ten que poñerse de manifesto ao licitador afectado, concedéndolle a oportunidade de probar a súa fiabilidade, a pesar da existencia dun motivo de exclusión.
- A doutrina do self-cleaning permite a unha entidade que, inicialmente estaba incurso en prohibición de contratar, aplicar medidas correctoras que restauren a súa fiabilidade.

Podemos citar por todas a Resolución nº 463/2026 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales, de 12 de marzo de 2026, que nun caso como o que nos ocupa, que se impugna a adxudicación a unha UTE na que un dos membros supostamente estaba incurso en prohibición para contratar por carecer de plan de igualdade vixente e inscrito, determina, no fundamento de dereito noveno, que:

*“la doctrina del self-cleaning permite a una entidad que, inicialmente estaba incurso en prohibición de contratar, aplicar medidas correctoras que restauren su fiabilidad, tales como en el caso que nos ocupa puede ser la inscripción del plan de igualdad vigente en el REGCON. Por ello, entendemos que ha quedado sobradamente acreditada la fiabilidad y la adopción de medidas en materia de igualdad por la documentación aportada”.*

En consecuencia, procede propor ao Tribunal a desestimación do primeiro motivo de impugnación.

2.- Concorrenza da prohibición de contratar prevista no artigo 71.1.e) LCSP por falsidade na declaración responsable presentada pola adxudicataria

LOS MILAGROS afirma que KOALA respondeu negativamente no DEUC ás preguntas relativas ao incumprimento das obrigas sociais e laborais e que, ademais, no Anexo II declarou que contaba cun Plan de Igualdade debidamente inscrito e que non estaba incurso en prohibición de contratar. No entanto, considera que quedou acreditado no expediente de contratación a falta de cumprimento de KOALA da obriga de contar cun plan de igualdade. En consecuencia, dado que non reunía as condicións que declarou, incorreu en falsidade documental, o que determina a concorrenza da prohibición de contratar prevista no artigo 71.1.e. pois presume a existencia de intencionalidade na declaración falsa ao coñecer que carecía do plan de igualdade. Cita en apoio da súa tese diversas resolucións do TACRC, que consideran insubsanable unha declaración inveraz (nº 1722/2021 e 995/2019).

A discrepancia existente entre a situación declarada e a posterior constatación da ausencia de inscrición do Plan de Igualdade debe ser valorada no contexto específico do



procedemento, no que a propia existencia e alcance da prohibición foi obxecto de controversia e resolta polo TACGAL.

Polo tanto, non resulta procedente trasladar ao presente trámite a doutrina relativa á imposibilidade de modificar ou completar extemporaneamente unha declaración responsable como se se tratase dun trámite ordinario de subsanación.

A maiores, compre ter en conta que para apreciar a causa de prohibición invocada pola recorrente sería necesario acreditar, de forma suficiente, non só a inexistencia do Plan de Igualdade, senón tamén que a concreta declaración realizada por KOALA pode ser cualificada como falsa nos termos esixidos polo artigo 71.1.e) da LCSP. Máis o recorrente non aporta máis probas que simples suposicións. E non podemos esquecer que a carga da proba destas circunstancias correspóndelle ao recorrente, que as afirma.

Por conseguinte, non procede acoller a alegación da recorrente relativa á existencia dunha declaración falsa no DEUC ou na declaración responsable nin, por esta causa, apreciar a concorrencia dunha prohibición de contratar ao abeiro do artigo 71.1.e) da LCSP.

#### -VI-

#### Conclusións

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

#### -VII-

#### Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

#### -VIII-

#### Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***“1º.- Aprobar o presente informe.***

***2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.***





**Concello de Vigo**

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(746).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

XSV.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

